

ARTE RUPESTRE NO PROMONTORIO DE CORME (PONTECESO)

Por Patricia MAÑANA BORRAZÁS

Manuel SANTOS ESTÉVEZ

Departamento de Historia I

Universidade de Santiago

Abstract: In this paper we inform about a group of finds, discovered during of the archaeological impact assessment in reference to the wind farm of Corme in Ponteceso council. The principal finds are a exceptional rock art sites with controversial chronology.

Keywords: Rock engravings, Corme, wind farm.

PRESENTACIÓN

Nestas liñas queremos dar conta da localización dunha serie de xacementos e puntos arqueolóxicos localizados no promontorio de Corme. Están constituídos por dous tipos de entidades: **petroglifos** situados tanto ó ar libre como en abeiros graníticos, e que teñen como motivos dende os gravados más simples (unha ou varias cazoletas) como motivos abstractos más complexos e gravados históricos con alfabetiformes; e noutro termo por achádegos en superficie de **pezas líticas talladas** en cuarzo.

O traballo que se levou a cabo nesta zona veu propiciado pola construción do Parque Eólico de Corme e os conseguintes estudios Avaliación e Seguimiento do Impacto Arqueolóxico. A grande maioría dos gravados rupestres foron catalogados durante a fase de Avaliación¹. En dita fase foi preciso a modificación do proxecto inicial do Parque Eólico, xa que nalgúns puntos a instalación de

¹ A Avaliación foi realizada entre de Abril e Xuño de 1997, dirixida por David Barreiro Martínez, membro do Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais, Instituto de Investigacións Tecnolóxicas, Universidade de Santiago de Compostela. Código de proxecto CJ102A 97/64-0.

aeroxeneradores podería afectar á conservación dos xacementos. Por esta razón foron resituados algúns aeroxeneradores, modificando puntualmente pistas de acceso e liñas de cableado, que afectaban directamente a algúns dos elementos catalogados. Concretamente na zona de A Feiteira foi necesario eliminar unha liña de 5 aeroxeneradores, dada a súa proximidade ós petroglifos. Así mesmo foi resituado un aeroxenerador, xa que a proximidade ó abeiro do Petón da Campaíña podería afectar á súa conservación. Os traballos de seguimento² das obras, e das remocións de terra en particular, posibilitaron a ampliación do catálogo dos restos arqueolóxicos do promontorio de Corme.

DESCRICIÓN XEOGRÁFICA

O promontorio de Corme sitúase no sector occidental do concello de Ponteceso, formando parte do fronte costeiro da comarca de Bergantiños e situándose na zona máis setentrional da Costa da Morte. (Fig. 1)

O norte do concello de Ponteceso caracterízase polo seu relevo abrupto, pois a pesar de que os cumios máis altos do promontorio de Corme non superan os 192 m de altitude, estamos a falar de fortes pendentes pedregosas que en ocasións forman cantís que descenden ininterrompidamente dende os cumios dos ouseiros ata a costa. Pola contra, na aba meridional as pendentes son menos acusadas, onde se forman cubelias más ou menos abertas e protexidas dos ventos mariños e onde atopamos as entidades de poboación nas inmediacións da liña costeira. Así esta pequena península, forma unha entidade xeográfica que na parte central da mesma emprázase o *Alto das Vixías*, de 187 m, un ouseiro moi prominente que domina todo o seu contorno, ó redor da cal se desenvolve un relevo moi irregular, con numerosos ouseiros graníticos.

ESTUDIOS ANTERIORES

Na área concreta onde foi construído o parque eólico, o promontorio de Corme, temos como única noticia anterior á documentación dun castro nos acantilados setentrionais da zona, cerca da enseada da Barda (RODRÍGUEZ, 1975: 144). Nembargantes, nos arredores desta zona, e relacionados co val que se forma ó sur do promontorio, contamos con algúns traballos e noticias bibliográficas relativas a elementos arqueolóxicos, inda que na súa maioría son escasas e puntuais, refírense fundamentalmente ó monumento más afamado da zona: a

² O Seguimento e Control Arqueolóxico foi realizado entre Agosto de 1998 e Marzo de 1999. Código de proxecto CJ102A 98/073-0. Foi dirixido por Santos Estévez, membro do Laboratorio de Arqueoloxía e Formas Culturais, Instituto de Investigacións Tecnolóxicas, Universidade de Santiago de Compostela.

Pedra da Serpe de Gondomil³. En 1875 Barros Sivelo publicou en *Antigüedades de Galicia* a primeira noticia sobre este monumento, que posteriormente é publicada por García de la Riega (1904) na súa *Galicia Antigua* atribuíndolle tamén unha cronoloxía prehistórica, e en 1929 López Cuevillas e Bouza Brey en *Os oestrimios os saefes e a ofiolatría en Galiza*, inda que non chegan a localizala, apuntan o carácter protohistórico como ó máis probable. Rodríguez Casal (1974: 145, 1975:22) atribúelle unha cronoloxía posterior, posiblemente romana ou incluso máis tardía, pero que estaría a reflectir un culto ofiolátrico anterior.

Á parte da Pedra da Serpe, o mesmo autor, refírese a un petroglifo e un castro máis: a inscultura situábase no *caserío* de A Aldea que «se encuentra en una roca, al pie de un cruceiro, un petroglifo de tipo idoliforme, constituído por un rectángulo coronado por un semicírculo, en su base hay dos coviñas»⁴ (RODRÍGUEZ, 1974:145). Respecto ó castro, atópase na Illa da Estrela, que presenta os restos dun muro no lado E⁵. Precisamente na Illa da Estrela, Saralegui en 1918 empraza un conxunto de círculos líticos, dos que, si existiron en algún momento, hoxe en día non se conserva ningunha evidencia.

PUNTOS ARQUEOLÓXICOS LOCALIZADOS

Nos traballos de avaliación e seguimento das obras foron localizados un total de 17 puntos arqueolóxicos, dos cales 8 son gravados rupestres ó ar libre, 5 son gravados en abeiros e outros 4 son conxuntos de líticos traballados atopados no Alto das Vixías e en Fontefría. A **metodoloxía** empregada foi a prospección superficial (Figura 1), de carácter intensivo sempre que a vexetación existente o permitiu, chegando ó grado de cobertura total. Outro aspecto importante da prospección, foi a consulta ós veciños dos distintos lugares de Corme, o que permitiu recoller unha grande cantidade de microtoponimia, lendas, e incluso constata-lo grado de coñecemento dalgúns veciños sobre o patrimonio arqueolóxico existente nesta zona⁶. Ampliáronse os traballos fóra desta área de estudio cunha prospección extensiva do contorno inmediato, fundamentalmente cara a zona de A Barda e cara o val onde se sitúa A Aldea, onde se recolleu información sobre tradicións orais.

³ Trátase dunha escultura en releve nun afloramento natural que representa unha serpe alada.

⁴ Nunha visita ó lugar e gracias a información dos veciños de A Aldea, podemos comprobar que este petroglifo fora destruído durante unhas obras de acondicionamento dun camiño vecinal.

⁵ Segundo a tradición que este mesmo autor recolle: «Na illa e pola praia vivían unhas xentes que tiñan un rei, e un día viñeron os mouros e destruiron a súa cidade, botándolle pedras dende o monte de enriba.»

⁶ Así, destacamos que varios veciños de A Aldea (que forman parte dunha asociación cultural) tiñan perfecta noticia do abeiro de Petón da Campaiña e más a existencia e destrucción dun petroglifo na propia Aldea. En cambio, non coñecían outros tan destacados como o de A Fieiteira, que foi noticia en datas posteriores a todos estes traballos arqueolóxicos con diversos artículos en *La Voz de Galicia*.

A continuación procedemos a describir brevemente os diversos gravados, clasificándoos segundo a súas características formais e cronoloxía.

Gravados ó ar libre

A adscrición cultural da práctica totalidade dos petroglifos e moi difícil de precisar, posto que ou ben presentan como motivo único coviñas ou ben posúen deseños más complexos pero sen un paralelo claro no noroeste da Península Ibérica. Así, temos os petroglifos de Monte Carboeiro, A Gurita, O Meixoeiro e A Zapateira con coviñas como motivo único. Por outra banda están as estacións de A Fieiteira e A Regadiña (Fig. 2), con motivos más complexos que pasamos a describir:

A Fieiteira. Conxunto de 15 laxes planas e horizontais, unha delas destaca polo seu tamaño atópanse comprendidas entre dous grandes penedos. Entre os motivos decorativos achamos escaleriformes,

vermiformes (óvalos alongados e divididos por liñas transversais), coviñas, círculos simples con coviña central e excéntrica, figuras en phi e cruces inscritas en círculos irregulares. Distribúense do seguinte xeito: os *vermiformes* concéntranse naaxe principal, os círculos simples e con cruces inscritas nas rochas situadas ó oeste da rocha principal, as figuras en phi localízanse ó sudoeste e este do conxunto. Non é descartable que algunhas rochas gravadas foran movidas o traídas dalgunha zona próxima. As dimensións aproximadas do panel principal son de 6 m de lonxitude (eixo N-S) e 2,5 m de ancho (eixo E-W). Os sucos miden entre 2 e 3 cm de ancho e entre 1 e 2 cm de profundidade. O conxunto de rochas ocupa unha superficie aproximada de 20 por 20 m. A pátina dos sucos, fortemente erosionada, semella indicar que estamos ante gravados de bastante antigüidade.

A Regadiña. Panel situado na parte superior-media dunha laxe lisa inclinada uns 30º. Distínguense uns 19 motivos que serían círculos e cadrados divididos en catro, tres e dous sectores. Algunhas das figuras posúen coviñas no seu interior. As medidas do panel son de 1,50 m N-S e 1,50 m E-W. As medidas dos sucos son 2 cm de anchura e 0,5 cm de profundidade. Nas proximidades de este petroglifo, no lugar de O Cairo, existe outro cunha cruz sinxela e outra inscrita nun círculo. En ambos casos a antigüidade dos gravados semella clara a xulgar pola pátina erosionada que presentan.

Gravados en abrigo

Dos cinco abrigos con gravados catro presentan como motivo único cazoletas, estes son: Pedras Miúdas, Agra do Cairo, Alto das Vixías e O Castro. Xeralmente trátase de aglomeracións graníticas cunha pequena cavidade con coviñas na entrada da mesma ou no interior próxima a esta. No conxunto dos abrigos do promontorio de Corme destaca sen dúbida o do **Petón da Campaíña**, situado nunha posición claramente dominante sobre o contorno. A entrada ó abrigo mide

(no seu eixo W-E) 4,80 m., a altura é de 2 m. Presenta una serie de gravados de adscrición crono-cultural incerta. En concreto trátase de grupos de coviñas de diversos tamaños, liñas entrecruzadas, liñas ondulantes, posibles ferraduras, óvalos, círculos sinxelos, diversos rebaixes e unha curiosa figura humana en falso relevo duns 25 cm. de alto. Aproximadamente a metade da parede do abrigo presenta gravados, algúns bastante deteriorados pola acción de piqueteado que fixo desaparecer parte dos deseños. Tamén aparece unha cruz máis recente que, ó contrario dos restantes deseños presenta un suco áspero e pouco erosionado (Fig. 3).

VALORACIÓN ARQUEOLÓXICA

Os traballos de seguimento de construcción do Parque Eólico de Corme trouxeron como consecuencia a documentación e estudio dunha estación de arte rupestre de certa transcendencia no marco do noroeste da Península. A grande importancia dos achádegos na zona do promontorio de Corme ven dada polas seguintes circunstancias:

1. Área xeográfica. Atópase nunha zona (noroeste de Galicia), onde os gravados rupestres non son moi frecuentes.
2. O emprazamento dos petroglifos, que dista moito de semellarse ó definido para a arte rupestre da Idade do Bronce⁷.
3. A tipoloxía dos motivos. Que en moitos casos é excepcional e noutros tan só se coñecen escasos exemplos no resto do país.
4. A localización concreta dos gravados. Existen na zona cinco abrigos con petroglifos, aínda que só un posúe gravados complexos, os catro restantes tan só posúen coviñas.
5. As técnicas empregadas na execución dos gravados. Temos en Corme un caso único en Galicia dunha representación antropomórfica en falso relevo.

O achádego da estación no promontorio de Corme ven a confirmar unha tendencia nos últimos anos a ampliar las zonas de dispersión de petroglifos en Galicia. Hai tan só dúas décadas, o achádego de arte rupestre fora do ámbito e contorno das Rías Baixas era pouco frecuente e lonxe de esta era praticamente inexistente.

O modelo de emprazamento definido para a arte rupestre da Idade do Bronce caracterízase pola súa asociación a portelas e vías de acceso que comunican o val coas zonas de monte, xeralmente en laxes a rentes do chan e pouco visibles

⁷ Modelo de emprazamento sistematizado en Santos (1998) e Santos e Criado (1998).

a media e longa distancia. Pola contra, os petroglifos de Corme, atópanse en puntos elevados ou en cimas de outeiros situados nos cumes da serra ou próximos a eles. Así mesmo, os petroglifos localízanse en grandes penedos, aglomeracións rochosas ou próximas a elas, o cal os converte en puntos visibles a longa distancia, conferíndolles deste xeito un carácter monumental.

Outro elemento característico da arte rupestre do promontorio de Corme son os deseños dos gravados. Aparte de motivos comúns a outras zonas (coviñas e círculos simples), tamén se identifican outros pouco frecuentes, como son cruces inscritas, coviñas ovaladas, reticulados irregulares, idoliformes, etc.

O emprego do volume e dos recursos plásticos como son o falso relevo, o aproveitamento e moldeado de saíntes naturais da pedra, xogos de sombras conseguidos pola profundidade dos sucos ou gravados que cobren a totalidade do soporte son característicos da zona. Este tipo de técnicas de gravado contrastan notablemente co coñecido ata o momento en Galicia no eido da arte rupestre.

As características arriba expostas lévanos a suxerir a posibilidade da existencia dun novo estilo de arte que se diferencia considerablemente do estilo clásico da Idade do Bronce coñecido e amplamente documentado noutras zonas de Galicia.

Descoñecemos en principio a adscrición cultural dos gravados rupestres do promontorio de Corme. Incluso non podemos asegurar con suficiente certeza, si estamos ante unha soa fase na execución dos mesmos ou estamos ante a presencia de varias. Como hipótese de traballo inicial podemos propoñer a posible existencia de alomenos dúas fases distintas:

Fase 1. Representada por algunas rochas da estación de A Fieiteira. Formada por dous posibles idoliformes e varias figuras de óvalos con sucos transversais. No segundo motivo atopamos certos paralelismos nun conxunto de petroglifos asociados ás mámoas de Rozas (Moraña), (GARCÍA e PEÑA, 1980: 82). Por outra banda o primeiro recorda en grande medida ós chamados ídolos pertencentes ó Neolítico Final e Bronce Inicial.

Fase 2. Representada por algunas rochas de O Meixoerio e polo petroglifo de A Regadiña. Os motivos son cruces inscritas en círculos e cadrados e círculos simples con coviña central e excéntrica. Os paralelos a estes motivos atopámoslos en As Canles (Campo Lameiro), (PARCERO *et al.*, 1997) asociadas a inscricións indíxeno-romanas. En resumo, trátanse de motivos asociados con frecuencia ó mundo da Idade do Ferro. Aínda que non é descartable a súa pervivencia no mundo medieval.

A estos dous grupos engadiríamos un amplo elenco de gravados de cronoloxía indeterminada. Dentro deste grupo incluímos o conxunto do abrigo de Petón da Campaíña, onde atopamos o devandito antropomorfo en falso relevo, figuras ovais, círculos simples, etc.

Sobre estes conxuntos inscultóricos e sobre os restantes do promontorio, estase a desenvolver estudio en profundidade que clarifique a adscrición cultural dos mesmos e o seu papel nas sociedades coetáneas.

Agradecementos: Anxo Rodríguez (debuxos e parte gráfica), Camila Gianotti, Carmen Gómez, David Barreiro, Luís Zotes e Raquel López. E ós veciños de Corme pola súa amabilidade.

BIBLIOGRAFÍA

- BARROS SIVELO, R. (1875): *Antigüedades de Galicia*. A Coruña.
- GARCÍA ALÉN, A. e PEÑA SANTOS, A. de la (1980): *Grabados Rupestres de la Provincia de Pontevedra*. Fundación Barrié de la Maza. A Coruña.
- GARCÍA DE LA RIEGA, C. (1904): *Galicia Antigua. Discusiones acerca de la geografía y de su historia*. Pontevedra.
- LÓPEZ CUEVILLAS, F. e BOUZA BREY, F. (1929): *Os oestrimnios e os Saefes e a Otolatría en Galiza*. Seminario de Estudos Galegos, A Coruña.
- PARCERO OUBIÑA, C.; CRIADO BOADO, F. e SANTOS ESTÉVEZ, M. (1997): «Rewriting landscape: Incorporating sacred landscapes into cultural traditions», *World Archaeology*, vol. 30(1), pp. 159-176.
- RODRÍGUEZ CASAL, A.A. (1974): voz Corme Aldea, San Adrián de. *Gran Encyclopedie Gallega*, T. 7, p. 145.
- RODRÍGUEZ CASAL, A.A. (1975): *Carta Arqueológica del partido judicial de Carballo de Bergantiños (Coruña)*. Santiago de Compostela.
- SANTOS ESTÉVEZ, M. (1998): «Los espacios del arte: el diseño del panel y articulación del paisaje en el arte rupestre gallego», *Trabajos de Prehistoria* 55 nº 2, pp. 73 - 88.
- SANTOS ESTÉVEZ, M. e CRIADO BOADO, F. (1998): «Espacios Rupestres del panel al paisaje», *Arqueología Espacial* 19-20, pp. 579-595. Edita: Seminario de Arqueología y Etnología Turolense, Instituto de Estudios Turolenses.
- SARALEGUI Y MEDINA, M. de. (1918): *Los monumentos megalíticos de España*. Madrid.




FIGURA 1: Localización do promontorio de Corme e área prospectada durante os traballos de control arqueolóxico.






FIGURA 2: Calcos de diversos petróglifos de Corme.



Debuxo do aspecto exterior do abrigo de Petón da Campaña



Debuxo do interior do abrigo do Petón da Campaña



Calco dos gravados do interior do abrigo do Petón da Campaña




FIGURA 3: O Abrigo de Petón da Campaña e os gravados atopados no seu interior.